



Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA



RECOÑECIMENTO DO DEREITO Á ASISTENCIA SANITARIA POR PARTE DAS PERSOAS SEN RECURSOS ECONÓMICOS SUFICIENTES E DAQUELAS QUE SE ENCONTRAN EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO

Fonte: DOG Núm. 173 do 9 de setembro de 2011

Quen pode solicitalo?

Poderán solicitar o recoñecemento do dereito á asistencia sanitaria nos centros de saúde de Atención Primaria, dependentes do Servizo Galego de Saúde:

- 1.- As persoas sen recursos económicos suficientes que solicitan prestacións sanitarias ó amparo do Real decreto 1086/1989, de 8 de setembro.
- 2.- As persoas traballadoras en busca de emprego na comunidade autónoma de Galicia que ó remata-lo seu contrato ou as prestacións económicas ó cargo da Seguridade Social, desexen conservar a tarxeta sanitaria, na que consta o seu número de afiliación á Seguridade Social como titular. Esta circunstancia denominarase como código 29.

Que requisitos hai que cumprir?

Requisitos para a solicitude de recoñecemento do dereito ó acceso á asistencia sanitaria:

- A) Por carecer de recursos económicos suficientes (PSR):
- Ter rendas, de calquera natureza, iguais ou inferiores en cómputo anual ó salario mínimo interprofesional
 - Non ter dereito xa recoñecido ou dereito á asistencia sanitaria por calquera dos réximes da Seguridade Social.
 - Estar empadroado nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta condición non será requisito para os menores en situación de risco ou que estean baixo a tutela das administracións públicas nin para as estranxeiras embarazadas.
 - Residir en España, cunha antigüidade mínima de 183 días, se a súa idade é igual ou maior de 18 anos. Este requisito non é esixible no caso de mulleres embarazadas.



Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA



B) Persoas que soliciten asistencia sanitaria como Código 29:

- Ter unha idade comprendida, no momento da solicitude, entre os 18 anos e a idade oficial de xubilación.
- Ter estado de alta como traballador /a en activo con dereito á asistencia sanitaria pública na Tesouraría Xeral da Seguridade Social nalgún período comprendido nos doce meses anteriores á solicitude.
- Estar empadroado nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia
- Ser demandante de emprego na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ter solicitado o subsidio de emigrantes na oficina de emprego no caso dos / as emigrantes retornados / as nos doce meses anteriores á solicitude da asistencia por este código.

Como se solicita?

Pode facerse de oficio ou ben por solicitude do interesado.

No caso de persoas sen recursos, de tratarse dunha unidade familiar, cada un dos membros da dita unidade deberá efectuar unha solicitude individual.

Na solicitude faranse constar os seguintes datos:

- Datos persoais e enderezo para efectos de notificacións
- Declaración de ingresos, bens ou rendas de calquera natureza que perciba ou posúa, tanto o / a solicitante como os / as integrantes da unidade familiar.
- Declaración de non estar incluídos, nin de poder incluírse en ningún dos réximes da Seguridade Social, ben sexa como titular ou beneficiario, con dereito á asistencia sanitaria e carecer de calquera tipo de protección sanitaria pública.
- Número e especificación dos membros da unidade familiar

O / a interesado / a será responsable da veracidade e exactitude dos datos declarados.

Cando a solicitude non reúna os requisitos esixidos requirirase ó / á interesado / a para que no prazo de dez días emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos. No caso de que non o fixese teráselle por desistido da súa petición.



Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA



A persoa solicitante está obrigada a comunicarlle á Unidade Provincial de Tarxeta Sanitaria calquera variación nos datos declarados.

Onde se solicita?

No centro de saúde que corresponda por razón de residencia.

Acreditación do dereito a asistencia sanitaria

- Como persoa sen recursos económicos suficientes terá unha validez de 3 anos. Antes da extinción do período recoñecido os / as cidadáns / ás poderán solicita-la renovación presentando a xustificación documental que proceda.
- Como código 29 terá validez por 2 anos, prorrogable por outros dous, de xeito sucesivo, no caso de ter cotizado á Seguridade Social, con dereito a asistencia sanitaria, algún período de tempo comprendido nos dous últimos anos. A partir desta data de validez, a persoa, se non cotizou durante este período de 2 anos, poderá solicitar a asistencia sanitaria por calquera outra vía na que cumpra os requisitos esixidos.

Controis

En calquera momento a Consellería de Sanidade poderá solicitar a documentación que acredite a permanencia das circunstancias que determinen o acceso á asistencia, así como efectuar as comprobacións que se consideren oportunas.

Extinción do dereito

O dereito a asistencia sanitaria extínguese cando o / a interesado / a deixe de cumprir calquera dos requisitos esixidos para o seu recoñecemento, así como nos casos de falta de resposta por parte do / a interesado / a ós requirimentos efectuados pola administración para a comprobación da permanencia das circunstancias que motivaron o recoñecemento do dereito.